


ANO XIV • Nº 431

Do 4 ó 17 de Abril 1994

Vinte pesos



IRIMIA

REVISTA
QUINCENAL
DE CRENTE
GALEGOS



**PESCADORES GALEGOS
(de momento...)
EUROPEOS DE SEGUNDA**

A condición homotrópica

As palabras do Papa, opoñéndose ó matrimonio de homsexuais e ó feito de que o Parlamento europeo lles dea paso libre ás parellas homotrópicas para adoptar fillos, armaron un gran rebumbio e mesmo levaron a insultar ó vello célibe do Vaticano.

O vocábulo *matrimonio* está demasiado vencellado ó feito da procreación e resulta compresible que moita xente sinta un fefugo máis emocional ca froito dun raciocinio cando sente falar de matrimonio de homsexuais. Quizais terían que procurar outro vocábulo que significase a cobertura xurídica que propicia o matrimonio legal, e iso asustaría menos.

En canto ó feito da adopción de fillos, hai moita xente que amosa os seus reparos: dende o feito de que tales nenos podían experimentar discriminación entre os seus compañeiros ata o bastante menos xustificable de que os pais adoptantes poderían *inclinarse* ós seus adoptados a elixiren esa variante sexual que din que non é a normal, quizais cando queredrían dicir que non é a habitual e maioritaria.

Máis dá que pensar aquela opinión que funda o seu refugo á adopción no feito de que unha criatura precisa de ter na súa infancia –tal como andan os nosos coñecementos psicolóxicos–, a imaxe parental completa: nai e pai. Pero ¡hai tantos nenos que non gozan desa normalidade! E, ¿que dicir daquelas parellas de heterosexuais que adoptan, ou mellor, alugan un neno para remediaren a súa insatisfacción e mailos seus problemas?

Non saberíamos dar a quí unha resposta categórica ó problema, pero témo-la mosca detrás da orella. Na nosa sociedade aínda existen moitos inconvenientes para aceptar que a condición homotrópica é unha variante da sexualidade que non corresponde nin a vicio nin a enfermidade.

Discútese aínda moito se se trata de algo innato –nácese con tendencia homoerótica porque se leva nos xenes– ou é un comportamento adquirido por condicionamentos da primeira infancia. En todo caso, é a algo co que o individuo se encontra e co que ten que negociar o seu futuro afectivo. Non o mesmo cós heterosexuais, porque estes non padecen o rexeitamento social.

O caso é que hoxe médicos e psicólogos cadran conformes en dictaminar que resulta practicamente imposible cambiar tal orientación homofílica e, ademais, sería inconveniente para a saúde afectiva do individuo. A historia coñece diversas tentativas inútiles, dende o tratamento médico ata a castración.

A un cristián homosexual non se lle debería esixir nin máis nin tampouco do que se require para ser seguidor de Cristo: o amor. Se na relación amorosa predomina o egoísmo ou a utilización do outro, daquela hai pecado, non por razón do sexo, senón da caridade. Pedir continencia a un homosexual e non solicitala dun heterosexual que abusa do sexo, é unha discriminación anticristiá, antievaxélica.

Daniel López Muñoz

Mafias

Os fiscais e xuíces de Madrid están descubrindo América: en Galicia –dándose indicios de mafias sicilianas.

A cousa arrinca do feo asunto da *operación nécora* e outras cantas operacións máis. Hai xornalistas agudos que din que a cousa foi, alá no principio, pola febleza do Estado, por non ter unha policía mellor dotada do que os contrabandistas, con lanchas máis rápidas, con coches máis potentes, con armas máis contundentes.

Pero quizais, sen tanta agudeza, sexa mellor dicir que o empezo de todo ten outro aquel. Non é que os bos, o poder, teimase tanto en pillar ós malos, os traficantes, como impedido estaba, por falta de medios, para trincalos e metelos no *trullo*. Polo Barbanza e o Salnés contan outra novela.

Contan máis ben que os *narcos* que hoxe se sentan no banquiño nacen do que hai dez anos eran as respectadas e populares bandas de traficantes de tabaco, auténticos heroes e fundadores da cultura litoral da ilegalidade.

Si, na orixe non está unha persecución frustrada do poder sobre o contrabandista, senón nunha convivencia interesada, económica e electoralmente, entre o poder e o contrabando. Porque eran chicos xenerosos co partido e a parroquia, co equipo de fútbol e os veciños

en xeral. E ¿para que facer preguntas sobre o que todo o mundo sabía e consentía?

Tremendo erro de irreparables consecuencias, erro do que estará arrependido, pero erro á fin, aquel entrar de don manuel Fraga en Cambados sempre da man de *Terito*, que era ó mesmo tempo que ilustre militante popular, protagonista da movida máis lucrativa da terra do albariño. E qué dicir do sonado encontro na *estalagem* portuguesa da *Boega*, en terras do Miño, entre Fernández Albor e unha serie de contrabandistas alá polo principio dos 80.

Porque a cousa está en como empezan esto das mafias. As mafias son un poder paralelo, un Estado autoritario dentro dun Estado democrático. E non necesariamente fan brutalidades, cando menos nun principio. Teñen unha cara afable e xenerosa cos políticos, cos párrocos, cos policías, con xuíces,... mentres non se lles opoñan. Poden nacer ás beiras mesmas do poder, están necendo cada día, e non pensemos necesariamente no narcotráfico, pensemos no empresario que unta ó político, no constructor abonado a tódalas obras dun concello e amiguete do alcalde, pensemos en *FILESA*,... hai tendencias mafiosas en moitos máis lugares dos que os togados madrileños proclaman.



EDITA: Empresa periódica A IRIMIA.

DIRECTORA: Carmen Puente Fernández, 15705 C/ Pombal, 30 (Santiago) Telf.: 585330.
MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Muñoz, Xosé Chao Rego, Carmela Capeáns Leis, Mariano Guizán Sánchez, Luciano Pena Andrade, Manolo Regal Ledo, Beatriz García Turnes, Manoli Paz Baña, Pedro Pedrouzo Devesa.
COLABORADORES: Victorino Pérez Prieto, Xosé A. Miguélez, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopeña, Gumersindo Campaña, Tereixa Ledo, Colectivo "A Rella" (Antonio Fdez. Oca, Eliseo Miguélez, Constantino Mariño, Tonecho Meixide Fdez.) Juan Antonio Pinto Antón, Francisco Carballo, Tintxu, Miguel Anxo Araújo, Xavier R. Madriñán, Lois Ferradas, Madó Domínguez, Severino Gestoso.

SECRETARÍA E ADMINISTRACIÓN: Apdo. 980 - Santiago de Compostela, Telf.: 981 - 59 01 42 (De 3 a 5). Subscripción Ordinaria: 2.000 pts. Real: 3.000 pts. De Apoio: 5.000 pts.

CONTA: Caixa Galicia, CC/2091-0349-45-3040005822 - Urbana nº 8 - Santiago
DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81 **IMPRIME:** Imprenta Minerva

Un enterro sen coches

Son estas as primeiras palabras que escribimos nesta páxina de IRIMIA despois da Pascua. Aproveitámolas para vos desexar moita felicidade a tódolos lectores da nosa revista. ¡Oxalá todos entremos, canto máis mellor, na vida e na dita dos renacidos en Deus a unha vida máis libre e servidora!

Cada día algo máis libres

Os cristiáns andamos sempre coma nunha tensión entre a total liberdade e felicidade que cremos atopar en Cristo resucitado, e os pequenos espacios de liberdade e de felicidade que cada día imos construíndo co noso esforzo e co esforzo dos demais.

Consideramos que estas pequeniñas cousas son as que van abrindo o camiño e a esperanza cara a ese estoupido total de felicidade que Deus insistentemetne nos promete. E penso que nisto andamos no certo.

A casa, a familia, o lugar de traballo, o noso pobo, son os lugares pequenos de

cada día onde podemos ir experimentando o precioso que é ser libres e servidores da irmandade.

A ousadía de romper cadeas

A pouco que abramos os ollos, podemos ver cada día cousas que nos recordan cómo o Espírito de Deus traballa para a liberdade.

Nesta ocasión foi nunha aldea pequena de Galicia. Todos sabémo-lo moito que levamos metido no corpo iso de honrar ós mortos case máis do que adoitamos honrar ós vivos. Para iso non receamos



Que cada día xermole en nós a flor da liberdade

en merca-la mellor caixa, moitas coroas de flores, carretar xente en autobuses, etc., etc. Rivalizamos en ver quen prepara o mellor e máis grande enterro.

Para moitos isto é unha verdadeira cadea coa que se senten socialmente apreixados. Rompela custa o seu, e case nunca se ten a ousadía de o facer.

O mérito dos pequenos

Neste caso, unha familia humilde que sofre a morte da velliña da casa, coidada e amada ata o derradeiro momento, decide romper con este costume de morte e non pon coches para carretar á xente.

Non é doado dar este paso, pero fixérono. Non é doado expoñerse a recibir críticas, pero fixérono. Non é doado decidirse a facer aquilo co que máis estamos de acordo, pero fixérono.

Nese pobiño de Galicia, ó tempo que se celebraba unha morte, floreceu nesta primavera unha flor viva de liberdade que sabe a resurrección, que sabe a Deus, ¡Gracias a Deus!

REMOENDO O EVANXEO

Victorino Pérez

II Domingo de Pascua (10 de Abril)

“Os apóstolos falaban valentemente da Resurrección do Señor” (Feit 4, 32-35).

“Xesús presentouse no medio dos discípulos, dicíndolles:

- ¡Que a paz sexa convosco!

... Os discípulos enchéronse de ledicia ó ve-lo Señor.

-... conforme me mandou meu Pai a min, así tamén vos mando a vós” (Xn 20, 19-31).

III Domingo de Pascua (17 de Abril)

“Pedro faloulle á xente e dixo:

-... o Deus dos nosos pais foi quen glorificou ó seu servo Xesús... mataste-lo dono da vida, pero Deus resucitouno... e nós somos testemuñas” (Feit 3, 14-19).

“Presentouse Xesús no medi dos discípulos e díxolles:

-¡Que a paz sexa convosco. Son eu, non teñades medo”. (Lc 24, 35-48).

A fe é pobreza: non ter plena luz, senón a luz suficiente para poder soporta-la escuridade (L. Evely).

A fe é un encontro no que Deus tomou a iniciativa ...É un encontro de amor (Mollart).

A fe é unha luz interior que transforma a mirada humana do crente (Barbotín).

A fe na Resurrección é a peza fundamental do cristianismo. Pero non busquemos respostas fáciles á pregunta de en que consistiu esa Resurrección e cómo era o corpo do Resucitado, que de calquera maneira saía das coordenadas espacio-tempo. O fundamental é a experiencia que tiveron os apóstolo, os seus amigos, aínda que

covardes, de que o Señor estaba vivo, de que a morte non tivera a palabra derradeira sobre el. O fundamental é a alegría desbordante, porque se atoparon de novo co Señor, e o anuncio desta experiencia, da que son testemuñas.

Entender ata onde se poida... Pero sempre respecta-lo misterio, máis grande có que nós podemos explicar. A fe pode ser razoable, pero non demostrable. A ciencia pode facer a Deus máis razoable, pero a el só se chega polo corazón e a experiencia da fe. Os grandes físicos deste século foron moitos deles místicos, non chegaron a palpar as chagas de Cristo resucitado, pero si foron quen a descubrir que hai alguén na entraña mesma da realidade que eles non podían apreixar. É o tempo da humildade da ciencia e da experiencia ¿É o tempo da fe? ¡Ditosos os que cren sen ver!

OS OUTROS SEGUEN CORTANDO O BACALLAO e Galicia segue a perder en tódolos terreos. Así Noruega non ten que sufrir un tempo transitorio como tiveron que padece-los nosos barcos. As toneladas de bacallao que se poden pescar, só algunhas pertencen á soberanía de Noruega, as outras son competencia de Canadá, Rusia, e aínda hai que regatear. A pesca segue a ser prexudicada polos intereses dos Estados que máis mangonean, neste caso a Europa do Norde.



O NACIONALISMO, que cobrou novo pulo coa unidade dos dous sindicatos na CIG, aspira agora á confluencia dos distintos partidos. A unidade é un dos obxectivos da Fronte Popular Galega, que acaba de converterse en partido, ó mesmo tempo que Unidade Galega está en conversas co BNG pra integrarse dentro desta fronte que cada día conta con máis apoio da nosa sociedade. Mesmo a presentación de Carlos Mella coma "número un" nas vindeiras eleccións europeas foi recibida con agarimo por moitos sectores do país. O outro candidato nacionalista nestas europeas será Xosé Posada, novo Presidente de Coalición Galega.



SARGADELOS

A **FUNDACIÓN GALICIA-EMPRESA** vai ser presentada neste mes en Santiago co tema da normalización do noso idioma no mundo empresarial, así coma a identificación das empresas coa realidade do país. Algunha destas empresas xa fixeron o seu camiño neste senso. Presidida por Ramón Castromil, está integrada por Sargadelos, Construcións Malvar, Onza de Ouro, Cousa, Florentino, San Luís, etc...

II MARCHA CICLOTURISTA
 Universidade de Vigo

Domingo día 24 de Abril ás 9,30 h.
 Saída e Chegada - Rectorado C/ Areal

FACER DEPORTE é necesario, e agora que chegou a primavera son moitas as sociedades que organizan marchas ciclistas que axudan a facer exercicio e tamén a coñece-las distintas comarcas. Ata o quince de abril podes apuntarte a esta marcha...

IRIMIA

IRIMIANZA

VIGO '94

Día:
Sábado, 16 de abril

Lugar:
Carballeira de San Roque

Propósito do encontro:

- Compartir un tempo de reflexión e festa entre aquelas persoas que a nivel de Vigo e comarca pretendan combina-la vivencia da Fe coa da Galeguidade.
- Reflexionar sobre a experiencia que nas distintas realidades dos participantes se está a dar no tocante á vivencia mencionada.
- Programa-la creación dun grupo de debate e espallamento desa vivencia a nivel de Vigo e comarca.

Destinatarios:

Comunidades, grupos e persoas que participan en celebracións feitas en galego, así como todos aqueles que teñan inquedanzas por vivi-la Fe e a Galeguidade conxuntamente.

Programa:

- 11:00 Acolllida
- 11:30 Comunicación de experiencias
- 12:30 Posta en común e debate
- 13:30 Eucaristía
- 14:30 Xantar e sobremesa

A XI SEMANA GALEGA DE FILOSOFÍA xa está aquí e nestes días co debate vivo sobre a democracia e o seu futuro. Especialistas en tódolos eidos: economía, ecoloxía, medios, xeografía..., repasan o pulso dos distintos xeitos de democracia. Salientar-la presenza nesta semana do profesor galego afincado en Usa, Dino Pacio Lindín, cunha forte experiencia nos sectores marxinais daquel país.



**AULA CASTELAO
DE FILOSOFÍA**

Fax (986) 85 50 20 - Apartado 332
36080 PONTEVEDRA - GALIZA

A ATENCIÓN ÓS MÁIS VELLÓS vai se-lo tema da xuntanza anual da Sociedade Galega de Xerontooloxía, a celebrar na Estrada os días vintedous e vintetrés. O tema é importante porque, sobor de todo no mundo rural, os nosos maiores necesitan que lles adiquemos tempo e imaxinación, pensando no envellecemento progresivo da nosa sociedade, e mesmo nas cidades onde van vivir os seus últimos días moitos dos nosos maiores cabo dalgún fillo.



TAMÉN O CELTA foi capaz de encandilar á poboación de Vigo e arredores, ata facendo soñar cunha "supercopa" galega, mais a situación do equipo preocupa, en primeiro lugar porque moitos dos que agora o aplauden fóra do campo, nas horas baixas esquecense do Celta, que non está tan arroupado como algúns queren vender. Non só peñas como os "Celtarras" manipulan o espectáculo, tamén outra xente, mesmo políticos, se aproveitan do esforzo dun equipo non tan apoiado coma o Deportivo.

Non só peñas como os "Celtarras" manipulan o espectáculo, tamén outra xente, mesmo políticos, se aproveitan do esforzo dun equipo non tan apoiado coma o Deportivo.



UNHA OBRA AFROAMERICANA chega a nosoutros, traducida por Elvira Souto na Editorial Laiovento. Cada volta son máis as obras traducidas ó noso idioma, mesmo coma

neste caso sen pasar pola competencia castelá. A obra de Zora N. Hurston: "O seu olhar posto em Deus" é unha novela moi fermosa e moi ben traducida, publicada en 1937, e na que reivindica o papel da muller e da súa identidade.

IELTSIN QUE VÉN ESTES DIAS A MADRID anda a crear un imperialismo de nova faciana pola antiga URSS, por unha banda vai crear trinta bases militares nos distintos países da CEI (Comunidade de Estados Independentes), e por outra banda co gallo de non molestar ós trinta millóns de rusos que habitan estes Estados, mandatarios de Ucraína ou de Kazajstán, por pór un exemplo, están cada xeira máis entregados á Moscova polo medo a crear suspicacias entre os seus cidadáns rusos.



A SEGUNDA VOLTA DAS ELECCIÓNS DO SALVADOR, o domingo día dezasete, vai ser decisiva pró futuro do país, despois de dez anos arrepiantes de guerra civil. A loita entre a extrema dereita e a esquerda do FMLN non é neutral... Aí están a memoria do bispo Romero, de Ellacuría e os seus compañeiros, das monxas americanas, dos campesiños de "El Mozote", daquela médica de Euskadi tamén asasinada polo exército, e tantos outros...

Novos rectores

Nestes momentos a Universidade de Santiago elixe os 500 membros do seu claustro. Hai un par de meses facíao a Universidade de Vigo e hai medio ano era a da



Por Tintxu

Coruña a que remataba o proceso de reelección de Meilán Gil coma rector. A constitución dos novos claustros e elección de rectores na Coruña e Vigo pon formalmente fin ó proceso de segregación das novas universidades mentres o proceso en marcha en Santiago suporá cerra-las feridas nacidas dese trance e abrirá o paso ó quinto centenario da institución.

As tres universidades teñen problemas comúns: sobre todo as dificultades para a consolidación das novas titulacións, o desenvolvemento dunha política de investigación e maila formación do profesorado preciso, todo iso nunha etapa de crise económica por un lado e de crise da propia identidade universitaria por outro. A solución que cada institución dea a varias destas cuestións vai, ademais, incidir positiva ou negativamente sobre as outras dúas, polo que se prevé un diálogo moitas veces conflictivo entre todas elas.

Porque a realidade é que cada unha das universidades ten problemas propios e específicos. As da Coruña e Vigo comparten moitas necesidades de novos centros docentes ou de equipamentos diversos, sobre todo nos "campus menores" (Ferrol, Pontevedra e Ourense).

Sofren tamén os problemas derivados da extinción dos anteriores colexios universitarios (que en menor medida tamén se vive en Lugo). Presentan graves problemas de definición de contidos obxectivos deses mesmos "campus menores".

Teñen, pola contra, vantaxes en canto a dispor dun meirande número de estudos técnicos de máis futuro, fronte a unha menor carga de estudos tradicionais: Letras, Ciencias e Dereito.

Neste marco hai que entende-los posibles conflitos e tensións en cada unha das universidades e entre as tres. O desenvolvemento do mapa de titulacións para Galicia (no marco da revisión xeral do sistema, na liña con Europa) é unha cuestión clave para os próximos meses. Tamén o será, logo, a revisión do sistema do financiamento universitario, que foi clave na segregación.

Seguramente foi a capacidade negociadora de Meilán Gil para encarar boa parte destas cuestións un factor que pesou na súa reelección, por clara maioría. En Vigo eran menos evidentes os apoios externos ós dous candidatos, pouco coñecidos no ámbito extraacadémico. En Santiago a elección parece xorgarse entre o actual rector, co apoio do sector nacionalista e mailo profesor Darío Villanueva, representativo da corrente que apoiaba ó rector anterior, Carlos Pajares. A postura do sector conservador do profesorado será decisiva na balanza.

Europeos de segunda

A pesca é unha actividade de extraordinaria dureza, por eso é propia de áreas e países relativamente pobres. Resulta do máis normal que as potencias pesqueiras, coma Galicia, teñan unhas economías febles, dependentes e pouco diversificadas.

Mesmo os galegos e galegas descoñecemos-la importancia que a pesca ten entre nós. Cómpre sinalar sobre todo isto que un 60% da flota da actual Unión Europea é española e a metade dese 60% é galega. Ou sexa que case un de cada tres barcos europeos é galego.

¿Qué tipo de incorporación a Europa merecerían unhas pescarías coma as galegas, sector punteiro dun país atrasado?

No Tratado da Unión hai un compromiso concreto: *a fin de promover un desenvolvemento harmonioso do conxunto da Comunidade, esta desenvolverá e proseguirá a súa acción encamiñada a reforza-la cohesión económica e social. A Comunidade proporase, en particular, reduci-las diferencias entre as rexións e o atraso das menos favorecidas, incluídas as zonas rurais.*

Sen embargo, a adhesión de Galicia, que non tivo voz de seu e diferenciada para pronunciarse, non se fixo considerando eses dous aspectos: o gran peso da pesca na economía galega e un elemental sentido da igualdade e da cohesión social.

Así pasou o que pasou:


1. Galicia non existiu na mesa de negociación coma espaciao especialmente dependente da pesca. Nada que ver co trato dado ás Illas Feroes, a Irlanda, nin ó norte de Noruega cando se negociara por primeira vez a incorporación dese frío país, incorporación logo frustrada cando se consultou ós noruegos nas urnas.

2. Como Galicia non existiu na mesa negociadora, onde se trocaron laranxas por leite de vaca e aceite de oliva por pescadas, resultou que a un país pouco desenvolvido coma o noso, se lle privaba da posibilidade de desenvolverse e competir no único terreo no que eramos líderes.

3. Establécense restricións inxustificables, coma a prohibición de faenar, só a España —esto é Galicia e o Cantábrico— no denominado *boxirlandés*. Curiosamente barcos galegos deben faenar en caladoiros de pouca entidade fronte a barcos comunitarios que faenan libres de toda restricción para despois competir en igualdade de condicións no mercado español. Neste mesmo sentido vai o sistema de listas periódicas e o complicado sistema de tipos de buques, que son atrancos que se aplican só a España, esto é, nomeadamente a Galicia, o que distorsiona un dos principios cardinais da Comunidade, cal é o da libre competencia en igualdade de condicións.

4. Elimínase a figura das explotacións conxuntas con outros países, solución efi-

fin seremos pescadores europeos?



Secadoiro de bacallao en Noruega.



Case un de cada tres barcos da Unión Europea é galego.

caz, intelixente e flexible na que Galicia fora pioneira, e que posibilitara unha saída para un sector en plena innovación e expansión. Resulta curioso que o período transitorio ata o 2003 se aplicase para todo aquilo que podería ser vantaxoso para as pesqueirías galegas, pero en cambio

non houbera prórroga de ningún tipo para esa figura xurídico-empresarial de vital importancia para Galicia.

5. Establécense importantes restriccións á industria conserveira galega en base a unha suposta *sobrecapacidade de produción*.

Noruega peta na porta.

A pouco de estrea-la Unión Europea, onde aquel principio de cohesión resulta substancial, Noruega volve a intentalo.

É nese momento cando os representantes españois poñen enriba da mesa o tema pesqueiro, no que se mantiveron sorprendentemente firmes durante certo tempo, a pesar das opinións da España Ilustrada central e mediterránea, que deixaba caer con calquera desculpa aquilo de que *por uns bacallaos arriba ou abaixo non deberíamos quedar de antieuropeístas*.

Sen embargo o que estaba en xogo era, á parte do bacallao do norte, rectificar unha adhesión impresentable para trinta mil traballadores e traballadoras galegas dependentes da pesca e cen mil máis dependentes das industrias afíns e de transformación.

Noruega, de novo coma candidata, demostrando unha gran sensibilidade coa súa periferia, pedía ós países membros un esforzo de solidariedade coas súas poboacións do Norte, ¿Podería aceptar España ese trato de favor para outro cando se ignorou totalmente no caso galego?

Cómo queda a cousa

Non se acaba de saber moi ben en que queda a cousa despois da dura negociación. Parece que ó optimismo do primeiro día, sucedeu un silencio e unha des-

confianza que dá moito que pensar.

Dunha parte está a cuestión do bacallao. Conseguíronse 6.200 toneladas, menos da metade do que se reivindicaba, pero só 1.115 son noruegas, o resto son a negociar con outros países. E precisamente non é este un momento moi propicio para incrementa-la pesca do bacallao: hai todo un movemento mundial liderado por Canadá que o que vén esixindo é todo o contrario, diminuír drasticamente o esforzo pesqueiro para salva-los caladoiros. Polo tanto o do bacallao debémolo poñer entre paréntese.

O realmente decisivo era rematar co réxime transitorio, coas discriminacións contra a flota galega. E nese punto aínda hai máis dúbidas. Porque o que se asinou despois da negociación é unha especie de declaración de principios, que de momento non obriga, conforme á cal esas discriminacións contra a nosa flota rematarían no 96. Pero hai un acordo claro e vinculante.

No tema decisivo quedouse polo tanto á espera do que decidía máis adiante o Consello de Ministros.

Mentres, a esperar e a seguir consumindo salmón noruego extracomunitario, que é o responsable de que, nese terreo, a acuicultura galega, que seica é comunitaria, non acabe de despegar. Bruxelas decide.

Adrián Cambeiro

A revista portuguesa de Porto *Jornal Fraternizar*, coa que Irimia mantén cordiais relacións, trae no seu nº 61 (agosto-setembro 1993) un documento que, a propósito do Catecismo da Igrexa Católica, elabora o Grupo de Sacerdotes e Religiosos do colectivo David e Ionatán, de Francia; representa ós homosexuais cristiáns. Sabemos que o rei David tiña un afecto especial polo fillo do rei Xaúl, Ionatán, ata o punto de que na elxía pola súa morte, chega a dicir: "Dóime por ti, meu irmán, Ionatán. ¡Canto te quería! O teu amor era máis doce para min có amor das mulleres" (2 Sam 1,26). Este é o motivo polo que, con audacia bíblica, este colectivo toma tal nome. Escoltamos, pois, as palabras destes cristiáns aínda marxidados, esquematizando a súa reflexión. Cando falen eles, porémolo en letra negriña; os textos, da Biblia ou do Catecismo, han ir en letra cursiva.

Acusación de hipocresía

O colectivo David-Ionatán, que principia loando a embocadura do nº 2357 do Catecismo, axiña ve que no número seguinte (2358) o Inconsciente romano traizoa ós redactores, cando afirman: *Un número non desprezable de homes e de mulleres presentan tendencias homosexuais profundas*. Comentan eles; ¡Que desafortunada expresión! **¿Pode haber un número desprezable de homes e de mulleres? Un home, mesmo que sexa un só, ¿é desprezable algunha vez?**

O texto catequístico segue, comprensivo: *Eles non escollen a súa condición homosexual, que constitúe para a maior parte deles unha proba. Deben ser acollidos con respecto, compaixón e delicadeza. Hase evitar, con relación a eles, toda clase de discriminación inxusta*.



Cando unha persoa homoerótica forza a matrimonio heterosexual coma inútil remedio, o máis probable é que a parella viva ante o abismo e de costas entre si.

De novo, para o Colectivo, patinaron as neuronas vaticanas: **Eis unha afirmación ben hipócrita. ¿Haberá discriminacións xustas? De crermos ó Vaticano, si. Pero a maior destas hipocresías é a nota da Congregación para a Doutrina da Fe, do 23 de xullo de 1992. Aí dise, por exemplo: Hai ámbitos nos que non existe inxusta discriminación, por causa da orientación sexual, por exemplo, non admitir homosexuais no acto de aceptación sexual, por exemplo, non admitir homosexuais no acto de aceptación ou adopción de nenos, no contrato de profesores ou de monitores deportivos e no recrutamento militar.**

Condena sen apelación

Recoñecen certo progreso no maxisterio eclesialístico, pero observan que a xustificación resulta restrictiva e mesmo represora. En efecto, o nº 2357 continúa: *Apoiándose sobre a Sagrada Escritura, que os presenta coma depravacións graves, a Tradición sempre declarou que "os actos de homosexualidade son intrinsecamente desordenados". Son contrarios á lei natural.*

E o comentario pertinente: **¿En que é a homosexualidade contraria á lei natural.**

Primeiro dinnos que a lei natural é universal, independentemente da diversidade das culturas. Pero varias culturas, en especial as antigas, admiten a homosexualidade moito máis do que as culturas xudaico-cristiás.

Quizais o parágrafo máis delicado sexa aquel no que o texto romano indica o motivo da pretendida antinaturalidade da relación homoerótica sexual: *Pechan o acto sexual ó don da vida. Non proceden dunha complementariedade afectiva e sexual verdadeira. Non podería recibir aprobación en caso ningún.*

O malo é que, ademais de non recibir aprobación, son reprobados. E parécenos que no fondo existe unha tremenda redución da relación sexual ó aspecto xenital.

Existencia tridimensional

Tódolos animais dotados de razón -homo ou heterotrópicos- vivimos en tres dimensións non separables: o Sexus ou sexual-xenital, O Eros ou erótico-amoroso (homoerotismo) e a Philia ou espiritual amigable: homofilia. Pero Roma ignora tales filigranas de distincións; para ela sexo equivale a procreación, e, ¡claro!, os homosexuais non poden ter fillos da parella.

Os comentaristas afirman que non cumpría un Catecismo para dar conta desa obviedade: non poden procrear. Pero cabería un segundo sentido: **A relación homosexual pecha ó home -ou á muller- en si mesmos, impedíndolle desenvolverse, ser verdadeiramente persoa. E engaden: Esta segunda interpretación, que é moitas veces adoptada pola teoloxía clásica, esquece precisamente o principal: a persoa. De feito, o homosexual non pode desenvolverse nunha relación heterosexual.**

A única vía que se lles abre é o matrimonio heterosexual, coas trágicas consecuencias que tal irresponsabilidade adoita levar consigo. Doloridamente, os comentaristas salaian: **Todo foi xa probado: anos de psicanálise, condenacións á fogueira, campos de concentración, condenas de diversa orde por parte da Igrexa, vexames sen fin, execucións a milleiros... de nada valeron. Nada convenceu ós homosexuais a se tornaren heterosexuais.**

Deus leva as culpas

Estas persoas son chamadas a realiza-la vontade de Deus na súa vida, di o catecismo (nº 2358), que tamén afirma: As persoas homosexuais son chamadas á castidade (nº 2359). Comentan: En definitiva, a quen poñen en danza é a Deus... Despois de invocaren a natureza, o sexo, as discriminacións, podemos volvernos a Deus. Tal vez a inversión do raciocinio conseguise alterar a conclusión.

En efecto, se o Catecismo di que *Todo bautizado é chamado á castidade*, pregúntanse polo **porqué desta singularidade** que discrimina ós homosexuais. Razoan: **Todo cristián é, certamente, chamado a amar como o Señor** ➔

a os homosexuais?

↳ mandou e ensinou, ou sexa, dándose, en vez de procurar utilizar ó outro. Isto esixe todo un traxecto, unha conversión dos impulsos e desexos. Pero todas estas cousas non son exclusivas dos homosexuais.

Pero o Catecismo fai referencia a textos bíblicos que xustificarian a posición romana: Xén 19, 1-29; Rm 1, 24-27; 1 Co 6,10; 1 Tm 1,10. Os autores céntranse na eséxese dos dous primeiros. ¿resulta honesto seguir invocando a Biblia para mantermos unha conducta discriminadora?

O crime de Sodoma

Co título de “O delicto de Sodoma” tratouse na sección da Biblia Popular Galega (Irimia, nº 382, marzo de 1992) o contexto no que hai que ler este texto que deu nome, impropriamente, á sodomía, que se define coma “copulación carnal contra natura”.

O texto é coñecido: dous anxos entran na cidade de Sodoma e son hospedados por Lot e familia. Tódolos homes rodean a casa de Lot e pídenlle que llelos entregue. Aínda que pensamos que o comentario de Irimia resulta máis completo, renunciámos a el para centrarnos no do colectivo David e Ionatán:

En primeiro lugar, é todo un pobo o que se ergue contra os dous estranxeiros. ¿Será que todo o pobo era homosexual? En segundo lugar, Lot responde ofrecéndolle-las súas fillas. Non se trataba, logo, de persoas con tendencia simplemente homosexual. En terceiro lugar, a razón invocada por Lot para non entregar ós forasteiros, nada contén de homo ou heterosexual. É un problema de hospitalidade. Lei sagrada que obrigaba a arisca-la súa vida e mailo



O mérito principal e case que exclusivo da xente gai (alegre) é que a súa loita acadase que cada día nos deamos conta de que a súa discriminación é unha cruel inxustiza.

honor dos seus, como se lembra en Irimia.

¡Resulta ridículo -ou preocupante, segundo o punto de vista que se teña-, que un texto bíblico que condena a falta de hospitalidade, o refugio estranxeiro, do diferente, sexa agora utilizado pola Igrexa para rexeitar precisamente ós que son diferentes!

A postura de Paulo

Na carta ós Romanos (1, 24-27), Paulo fala dos ídólatras, e di: *Por iso abandonounos Deus ás paixóns degradantes: as súas mulleres cambiaron o uso natural polo que é contra a natureza. E os homes, outro tanto: deixaron o uso natural da muller, arderon en cobizas duns polos outros, homes con homes, cometendo torpezas e recibindo o pagamento do seu extravío en si mesmos.*

Non esquezamos que Paulo, que se manifesta contra a homosexualidade, non está denunciando os pecados do sexo, senón da idolatría. No seu tempo, e na cidade de Corinto había, xunto a un culto heterosexual á deusa Afrodita ou Venus, un culto homosexual a Kotyttó, deusa lunar e bisexual; unha secta de prostitutas sagradas acollía ós candi-

datos mediante un bautismo e estaban obrigados ó segredo. Son eses cans ós que se refire o libro da Apocalipse (22,15).

Levan razón, polo tanto, os do Colectivo, cando comentan:

Quer isto dicir que os hebreos equiparaban as relacións homosexuais ós cultos idolátricos, contra os que loitaban. Por iso rexeitaban tanto aquelas coma estes. Con todo, a cousa non se pode formular así: “¿tivestes relacións sexuais? Entón arredástevos de Deus”, senón á inversa: “Adorastes ídolos? Daquela afastástevos de Deus = tivesestes relacións sexuais”. Ou sexa, non é a homosexualidade coma tal a que é condenada, senón os cultos idolátricos.

¿Por que unha dobre medida?

O libro do Levítico (18,22) afirma: *Non te deitarás con ningún home, coma se fose muller: é unha abominación.* Pero o versículo anterior prohibe sacrificar ó deus cananeo Molok o seu propio fillo. O contexto é o da loita dos hebreos contra a idolatría cananea. Os biblistas están de acordo en que o que se prohíbe é a prostitución sagrada dos cananeos, tanto feminina coma masculina.

Pero, ademais, ¿é que pode a Biblia ser norma de conducta sexual para hoxe? No versículo anterior, 20, di: *Non te achegarás a ningunha muller nos días da súa menstruación, para lle descubri-la súa nudez.* ¿Quén mantén hoxe a validez deste incribe tabú do sangue, que, sen embargo, tanto condicionou o comportamento colectivo? ¿Non prohíbe tamén o Levítico que un home que tivo o que chaman polución (j) nocturna participe ó día seguinte no culto?

Os membros do colectivo francés comentan: **Pois ben, non pasaría hoxe pola cabeza de ninguén clasificar de impuros e afastar das celebracións litúrxicas ós homes que sufrisen exaculacions nocturnas ou ás mulleres que andan menstruadas.**

En definitiva, Roma utiliza unha dobre medida bíblica segundo o problema de que se trate. A moral sexual tamén cambia cos tempos. ¿A quen se lle ocorrería hoxe afirmar que é maior pecado a masturbación có incesto -por exemplo, deitarse coa propia nai- polo feito de que isto sexa “natural” e aquilo “contra natura”? Pois ben, iso afirmao san Tomás de Aquino.

Un gran coñecedor da epístola ós Romanos, Ulrich Wilckens, non dubida en sentenciar: “Os coñecementos sobre as condicións do nacemento da homosexualidade nas súas diversas formas exclúen aceptar aínda hoxe a afirmación de Paulo no sentido de que a homosexualidade é unha transgresión moral rexeitable”. Dito cun xogo de palabras: Paulo coñecía a homosexualidade coma *perversión* idolátrica, mais non coma *inversión sexual*, esa variante da que fala o noso editorial sobre *A condición homosexual*.

Un castelo entre cabanas

Terceiro artigo, este, dos catro que anunciabamos coma preparación ó Sínodo dos Bispos para África, a celebrar –jen Roma!– a partir do 14 de abril. A pregunta de hoxe é esta: ¿foron os misioneiros colonizadores ou evanxelizadores? Unha cuestión delicada, xa que o misioneiro está revestido, ante os nosos ollos dunha auréola de heroicidade, e, dende logo, xenerosidade non lles faltou. Trataremos de non simplificar.

A voz da teoloxía

Dende os anos 60, nos que se rematou o proceso de independencia dos diversos países, xurdiu unha fonda reflexión sobre o feito misioneiro. O famoso teólogo africano Jean-Marc Ela denuncia que moitos africanos “se converteron” a un cristianismo victorioso, pero pregunta se tal victoria non resulta “mortal” para a súa credibilidade. Teremos que corrixir un certo triunfalismo na nosa visión das misións.

Ela afirma: “Hai que partir de aí para comprender cómo o cristianismo resulta exterior á vida íntima do africano. Despois dun século de apostolado misioneiro, poucos africanos se senten realmente a gusto na Igrexa [...]. O que é seguro é que en moitos países de África o cristián se define en principio coma aquel que ten que abandonar os seus costumes. De feito, en xeral ése cristián na “Igrexa”, que, co seu catecismo e os seus sacramentos non constitúe máis ca un marco baleiro, sen influencia real sobre os problemas sociais”.

Tremendas afirmacións que cadran coas destoutro teólogo negro, Fabián Ebooussi-Boulaga, que inquire: “¿Como evita-la sospeita de que elas [as institucións cristiás] son a expresión da fe dos outros, e que, en realidade, nosoutros cremos por procurador?”. “Témo-lo sentimento –di Meinrad Hegba– de falsa seguridade dos que están instalados en casa allea cos mobles doutros”. E de novo Fabián: “Como todo o mundo sabe, as Xoves Igrexas naceron nas cidades, semellantes ós castelos medievais que os ricos americanos trans-

portan pedra a pedra ás beiras do río Potomac”.

A cousa foi así

As primeiras tentativas da evanxelización de África coinciden, aproximadamente, coas primeiras viaxes de descubrimento e conquista. A finais do século VI, ano 1490, realizouse unha verdadeira expedición misionera, pero, por falta de interese económico dos conquistadores e por resistencia dos africanos, o asunto reduciuse ás costas e ós arquipélagos.

Logo doutros intentos esporádicos e que resultaron bastante efímeros, o verda-

sobre as misións e o seu labor educativo –gran parte das escolas e dos hospitais estaban en mans de misioneiras e de relixiosos– exercían as metrópoles colonizadoras. Ben é certo que houbo grandes misioneiros, coma o padre Libermann, fundador dos Padres Brancos, que estimularon a creación dun clero indíxena, ou o famoso teólogo protestante Albert Schweizer, benefactor dende un hospital, pero sempre condicionados polo eurocentrismo, a mentalidade occidental.

A hora dos fillos de Cam


Paradoxalmente foi nos primeiros tempos da misión cristiá cando houbo maior atención ás linguas e ós costumes locais. Pero a partir do ano 1880 xa empezou un enfrontamento coas crenzas tradicionais africanas e coas súas expresións relixiosas, o que produciu que nacesen igrejas autónomas separadas e inzases as sectas, que hoxe constitúen unha praga, un lugar de alienación.

A intolerancia misioneira partía do desprezo das relixións ancestrais africanas, acumuladas de atrasadas, e non faltou quen puxo en relación o fetichismo das relixións africanas e a súa concepción do universo relixioso, tan diferente ó occidental, coa maldición bíblica do segundo fillo de Noé, Cam, do que se di que proceden os negros, os camitas.

Hoxe, que a realidade dun cristianismo africano inconformista, pero vivo, crea esperanza nunha Igrexa que se está articulando dende

Comunidades de base, a Igrexa en África quer chegar a ser africana, respondendo a aquel desafío que lles lanzaran os bispos africanos, reunidos en Kampala en agosto de 1969, o papa Paulo VI: “Vosoutros podeades e debeades ter un cristianismo africano”. ¿Como? Quizais a pesar de Roma. Habémolo ver no próximo número.

Mario Cambeiro



deiro punto de arranque para a evanxelización da África negra –Subsahariana, que a do Norte africano xa fora masivamente cristiá (hoxe islámica) dende os primeiros séculos, con personaxes coma santo Agostiño–, foi na segunda metade do século XVIII, e desta por iniciativa africana.

Globalmente podemos ter por certo que a xenerosidade misioneira viuse condicionada pola tutela comenenciada que

Adopta unha árbore



As árbores, como ben sabedes, son as nosas amigas. Fonte de vida. Producen osíxeno, froitos, sombra, paisaxe e cultura.

Son tamén a casa de miles de seres vivos que habitan na fraga.

Tamén sabedes que as nosas amigas, as árbores poden sufrir todo tipo de problemas, talas, incendios, pragas, etc, etc. O

que fai necesario que as axudemos e as protexamos.

Presentámosche aquí sete ideas para que ti “adoptes unha árbore”, o que para nós significa que te responsabilices do seu coidado, defensa e protección.

Seguro que o consigues, deso dependerá o futuro das nosas árbores, o teu futuro. En nome delas ¡Gracias!



Sete ideas para “adoptar unha árbore”

1. Coñece e estudia a árbore que vas adoptar, tipo, idade, necesidades...
2. Encárgate de matela sempre limpa
3. Protéxea para que ninguén lle faga mal.
4. Denuncia as posibles agresións que sufra
5. Repóboa as fragas coa semente e froitos da “túa árbore”
6. Constrúe e coloca niños para paxaros nesa árbore
7. Adopta, coñece e protexe tamén a fraga e o contorno no que vive esa árbore

Nota: Poder cumprimentar unha ficha sobre a túa árbore con datos, información, fotografías, follas recollidas, historia...

¡Ánimo!
“Papaventos” Educación Ambiental

A Pascua, tempo de alegría

A vella da coresma

Nos gravados antigos, a Coresma representábase por unha vella que levaba nunha man unha cesta de froitas e peixes e na outra unha folla de bacallao. Ademais, para que fose completa a simboloxía, contaba con sete pernas, que viñan a se-las sete semanas menos dous días que dura. O noso adiviñan-ceiro tamén se lembra dela, cando pregunta ¿quen é?

*Unha nai con sete fillas:
cinco xustas,
unha santa
e outra con falta.*

Sete semanas de duración: cinco completas, unha santa (a Semana Santa), e outra coxa, é dicir, que lle falta o luns e o martes.

A coresma xa está a rematar: “Lázaro, Ramos, e en Pascuas estamos”, adoitan dici-las persoas maiores. Pasado o domingo de San Lázaro, vén logo o de Ramos e, o seguinte, xa é o da Pascua, despois de pasa-lo xoves santo, o venres e tamén o sábado, coas cerimoniais da bendición da auga e do lume nos adros das igrexas. De pequeno nunca faltaba a elas, e o que máis me gustaba –a tódolos pícaros– era cando se apagaban tódalas luces do templo e había que entrar nel a escuras.

A Pascua

Trátase dunha celebración cristiá que se rexe pola lúa. Non cadra nas mesmas datas tódolos anos, porque o domingo de Resurrección sempre se celebra inmediatamente despois da lúa chea que empeza o 21 de marzo (equinocio de primavera), ou nos días seguintes. Polo tanto, nunca pode ser antes do 22 de marzo, nin tampouco despois do 25 de abril. Segundo o



A vella da Coresma, gravado antigo.

noso refraneiro, as Pascuas que cadran en marzo non son de bo agoiro: *Pascuas en marzo, ou fame ou mortazo.*

Esta celebración é a que data ás máis importantes do ano litúrxico cristián ou, aínda que sexan pagás, que agora dependen dela, coma o Entroido. Entre as anteriores, temos o domingo de Entroido (49 días), o mércores de Cinza (46) e o domingo de Ramos (7). das que seguen, salienta: o domingo da Ascensión (42) e do Corpo de Deus (63) –estas dúas celebracións antes eran os xoves anteriores–.

Por isto, como di un refrán galego recolleito no Bierzo (ou Berzo), non vale celebrar antes a Pascua que o domingo de Ramos, pois cadaquén conta coa súa data: *Hai moitas mulleres que celebran antes a Pascua que o domingo de Ramos.* Claro está que, neste caso, o senso que se lle adoita dar non é o da festa en si, senón que se refi-

re a que manteñen relacións amorosas antes de casar, segundo a explicación que nos deu un vello e amable informante.

As Pascueiras xa floreceron

Estou escribindo e vendo dende a ventá como as *pascueiras* xa se cubriron de flores amarelas e brancas. A palabra *pascueira* (ou *pascoeira*) non a recollen os nosos dicionarios (nos máis correntes que teño neste momento a man). Na miña terra do Ribeiro, alá entre o Avio e o Miño, *pascueira* é unha verba coñecida de todos e empregada por moitos. E paréceme raro que non a recollese Eladio Rodríguez González no seu *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*, que naceu a carón do mosteiro de San Clodio. Dise da verza, repolo ou coliflor cando botan a flor. Teñen razón, porque son dos primeiros verxetais que florecen anunciando a primavera.

O Entroido é tempo de desorde, de fartas,... é o caos. Pola contra, a coresma é todo o contrario: xaxúns, abstinencias, recollemento,... A Pascua ten algo de todo, pero –en particular– é tempo da alegría. A propia natureza convida a ela: a bonanza do tempo, e a eclosión floral amosan como a natureza xa se prepara para a vindeira colleita (de pan, de viño, de froitas,...), que será boa, abundante, de acordo coas flores que haxa.

Preparémonos, pois, para entrar na Pascua con alegría, no tempo novo proclamado polas flores e polo canto do cuco e da rula, que anuncian ó labrego que xa se aproximan os duros labores do campo, como a sega do feo: *O cuquiño a cantar e a ruliña a rular, colle o fouciño e vai seiturar.*

Clodio González Pérez
Museo do Pobo Galego

A morte de Moisés (Dt 31)1



Debuxo nun cilindro que serve pra selar os documentos. A alianza co pobo hebreo selouna Deus con xuramento. O selo levábano no anel.

1Subiu Moisés das chairas de Moab ó monte Nebó, á cima do Pisgah, que está enfronte de Iericó. O Señor amosoulle todo o país: Galaad ata Dan, ²todo Neftalí, o país do Efraím e Menaxes e todo o país de Xudá ata o mar Occidental; ³o Négueb, a veiga do val de Iericó, a cidade das palmeiras, ata Soar (2).

Váisenos describi-la morte de Moisés e maila sucesión de Xosué na xefatura da comunidade hebreá (3).

4Entón díxolle o Señor: “este é o país que lles prometín con xuramento a Abraham, Isaac e Xacob, dicíndolles: ‘Heillo dar á túa descendencia’. Xa cho amosei ós teus ollos, pero alí non podes cruzar” (4).

A morte de Moisés aparece rodeada de misterio e cargada de anos, simbolizando a plenitude da súa vida. Morre, ademais, en plena posesión das súas facultades, en pleno vigor.

5Morreu alí Moisés, o sérvoo do Señor, no país de Moab, conforme á declaración do Señor. **6**E enterrouno alí no val, no país de Moab, enfronte de Bet-Peor, e ningún home, ata o día de hoxe, coñeceu a súa sepultura. **7**Moisés tiña cento vinte anos cando morreu, e o seu ollo non enfraqueceu nin desapareceu a súa vitalidade.

Se polo patriarca Xosé fixeran 70 días de dó, isto correspondería á práctica exipcia; os usos hebreos dictaban o costume de facer dó durante 30 días.

8Os fillos de Israe! choraron por Moisés nas chairas de Moab trinta días, completando así os seus días de pranto coma loito por Moisés.

Pero había unha persoa carismática á que Moisés lle impuxera as mans, transmitíndolle simbolicamente os poderes, tal como nolo conta o libro dos Números, cap. 27. Por iso:

9Entón Xosué, fillo de Nun, estaba cheo de espírito de sabedoría, xa que Moisés lle impuxera as súas mans, e os fillos de Israel fixéronlle caso e comportáronse tal como o Señor llo mandara a Moisés.

E velaquí un fermoso epitafio:

10Nunca máis volveu xurdir un profeta en Israel semellante a Moisés, con quen o Señor tratase cara a cara. **11**Ningún coma el en tódolos sinais e prodixios, que o Señor lle mandou facer no país de Exipto contra o Faraón, contra os seus servos e contra o seu país. **12**E ningún coma el coa man forte e todo o grande pavor que provocou Moisés á vista de todo Israel.

Non é sorprendente que se tivese a Xesús coma novo Moisés, e que hoxe a teoloxía o teña coma ese derradeiro profeta que lle prometeu Deus a Moisés: “Fareilles xurdir un profeta coma ti: (Dt 18,18).

1. O Deuteronomio é o último libro dos 5 abribuidos a Moisés, bloque que se chama Pentateuco ou Cinco libros (Xénese, Éxodo, Levítico, Números e Deuteronomio). De feito, este libro escribiuse varios séculos despois da morte de Moisés, tralo exilio babilónico. Forma parte da fonte D ou corrente deuteronomista, da que nos servimos de agora en adiante e que comprende estes libros: Deuteronomio, Xosué, Xuíces, Samuel e Reis. A palabra Deuteronomio significa Segunda Lei porque constitúe unha especie de relectura da Lei de Moisés.

2. Deséñase aquí unha visión panorámica do país de Canaán; visión dende o monte máis imaxinaria ca posible, anque nun día claro se pode ver, dende o Nebó, o Mediterráneo, que o texto denomina mar Occidental.

3. A Biblia galega comenta en nota ó capítulo 34 do Deuteronomio: “O relato pódese considerar coma a glorificación de Moisés, que foi enterrado por Deus. Elías foi arrebatado ó ceo, Moisés foi enterrado polo mesmo Iavé, e ata a morte conservou o ollo profético de visionario (“trataba co Señor cara a cara”).”

4. O libro dos Números, no capítulo 26, aparece a morte de Moisés e de Aharón, sen entrar na terra prometida, coma castigo por unha infidelidade. Tamén se dicía no cap. 14 que, por culpa de se reviraren os hebreos, desconfiando de Iavé, ningún deles entraría en Canaán, agás Xosué e Caleb. O máis probable é que a Moisés lle chegase o tempo, anque o texto di, con intención de magnificalo, que viviu 120 anos. Non entrando no país, Moisés aparece solidario co seu pobo.

A HOAC denuncia a inxustiza

Un grupo de militantes cristiáns da diócese de Mondoñedo-Ferrol, que pertencemos ó movemento apostólico especializado, a HOAC, vímonos reunindo semanalmente e reflexionamos sobre a comunión de bens, chegando ás seguintes conclusións:

Fixándonos nos ambientes obreiros, na maneira de vivir a comunión de bens, analizando as empresas, as fábricas e as institucións que as sosteñen, vimos con grande desencanto como:

Os gobernos europeos non só non colaboran unanimemente no destino do 0,7% (España aínda non destinou o 0,2%), senón que non fan nada para impedir que 27 países, que teñen un índice de sufrimento humano externo (20 en África, 6 en Asia e Haití) se lles atopen vía de solución.

Cada ano seguen morrendo 14 millóns de nenos menores de 5 anos por causas facilmente evitables e mentres tanto os países desenvoltos seguen gastando máis 500.000 millóns de dólares en defensa militar.

Mentres 1/5 da poboación en vías de desenvolvemento pasan fame tódolos días, máis da metade das persoas dos países ricos teñen perigo de morrer por causa de sobrealimentación e vida sedentaria. Mil cincocentos millóns de persoas en todo o planeta non teñen acceso á auga potable, o que significa que case a metade da poboación mundial non dispón dela.

O ano pasado morreron 2,5 millóns de nenos por non ser vacinados contra o xarampón, o tétanos e a tosferina, cando vacinar un neno custa só 10 dólares, incluída a aplica-

ción da vacina. Por término medio un individuo do Terceiro Mundo dispón de 750 dólares para gastar ó ano mentres que un do Primeiro Mundo dispón de 16.990. Mentres nalgúns países dispoñen de 2 teléfonos por cada 100 habitantes, nos outros dispoñemos de 90 por cada 100.

No noso país mentres se sanea a banca privada con miles de millóns de pesetas (diñeiro de todos), 4 millón de parados non teñen certo o futuro máis inmediato. Cando se gastan miles de millóns nunha "Expo" ou nuns Xogos Olímpicos, moitas empresas cerran porque o Estado non cre conveniente uns investimentos que para eles, din non ser rendibles. E seguirá aumentando o paro, os contratos inestables, a precariedade no traballo...

O CARRABOXO por XOSÉ LOIS



PARA XESÚS FERRO RUIBAL

¡Pero, ho, non sexa pillo, nin xogues ás adiviñas, que sabes de sobra o intringulis deses enigmas!

**Mazarocas ó canizo
de cada vez catro ou cinco.**

Alude ó pragmatismo, á dilixencia que debe poñerse na colleita, no “venga a nós”: Unha manchea de mazorcas son catro ou cinco: así que, de cada vez, tódalas que se poidan apreixar, abranquer..., ¡e para dentro!

**Maruxiña: do canizo
trae castañas abaixo:
e xa que non tes camisa
tráxelas no refaixo.**


“... xa que non tes camisa”, daquela, ó levanta-lo refaixo para recolle-las castañas... ¡pois o mesmo, tal cal, que o Presidente brasileiro Itamar Franco, neste último Carnaval, coa actriz erótica Lilian Ramos, só que permutando a ubicación, postos no sitio do fotógrafo, ¡para decatarse da situación!

**Santo qu'estás no canizo,
bota castañas abaixo,
qu'unque non teño mantelo
recólloas co refaixo.**

Máis ou menos, que non lle importa levanta-la saia se o santo está disposto a obsequiala coas castañas. ¿Daquela onde está o mozo, no canizo? ¡Iso que máis dá, se co esconxuro se obtén abaxalo, namoralo!

Saúdos

Xosé M^a Gómez Vilabella



GALERIAS DE ARTE LIBROS CERAMICA

- ✻ 27891 CERVO (Lugo)
Teléf.: 982 - 55 78 41
Fax: 982 - 55 78 04
- ✻ O CASTRO DE SAMOEDO
15168 Sada (A Coruña)
Teléf.: 981 - 62 09 37
Fax: 981 - 62 38 04
- ✻ Rúa Nova, 16
15705 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfs.: 981 - 58 19 05 / 58 18 88
- ✻ Provenza, 274
08008 BARCELONA
Teléf.: 93 - 215 01 79
- ✻ Zurbano, 46
28010 MADRID
Teléf.: 91 - 310 48 30
- ✻ Habana, 20
32003 OURENSE
Teléf.: 988 - 37 09 26
Fax: 988 - 37 09 28
- ✻ Dolores, 55
15402 FERROL
Teléf.: 981 - 35 37 14
Fax: 981 - 35 37 16
- ✻ Pza. Sto. Domingo, 4
27001 LUGO
Teléf.: 982 - 22 78 04
Fax: 982 - 24 49 13
- ✻ Dr. Cadaval, 24
36202 VIGO
Teléf.: 986 - 220050
Fax: 986 - 22 0474

Ditos do mundo agrícola (13)

Alborota-lo cortello

Dun conto popular no que unha vaca morría de fame na corte quedou a frase proverbial *¡Animo, tripas, que a fame é grande: herba nin vela!*, frase de laio pola fame ou ironía contra persoas que fachendea de farturas que non teñen. Xa a teño oído tamén nestoutra forma: *¡Encheivos, miñas vacas: herba nin vela!*

Da corte sae tamén o esterco que é o abono natural para o campo. De aí o refrán *A caste da horta sae da corte pola porta.*

O cortello é unha corte pequena ou ben un apartado dentro da propia corte, reservado ós animais pequenos, principalmente o porco.

Alborota-lo cortello: alterar, turbar con accións ou palabras unha concorrencia de xente; excita-los ánimos por algún motivo.

Estar todo coma o cortello dos porcos “estar todo revolveito e moi suxo”.

Haber máis cochos que cortellos parece querer dicir que hai máis necesidades que medios ou máis candidatos que postos dispoñibles.

Ser un folgazán/nugallán que se manca no cortello “ser extremadamente folgazán, porque a corte e o cortello son o lugar de descanso dos animais”. O dito lémbra-nos aqueloutro de *Ser coma o boiño de Outes, que folgando escornouse, ou* estoutro refrán *O boi ruín na corte se manca.*

A corte das ovellas é a *cortella*, como aparece neste refrán *A muller e a ovella, con día na cortella.*

Gustaríame que algún lector ou lectora nos explicase o significado desta expresión común *Andar de corte en cortello.*

1. Levabamos varios meses sen perder nunca de vista, cada día erre que erre, a liorta socialista.

2. Radio, tele e xornais a penas algo se oe que non lles preceda ou siga ós problemas do Pesoe.

3. Se Pablo Iglesias erguese a cabeza, moi a gusto volvería á súa tumba por non morrer deste susto.

4. Cando veu o socialismo fartos de tanta dereita ¡malpocados! ¿quen pensaba que ía haber esta desfeita?

5. Eles, co puño pechado, co brazo esquerdo ergueito ofrecían máis xustiza defensores do dereito.

6. Agora non erguen nada nin nos fan ningunha oferta: máis ben estenden a man que a manteñen ben aberta.

7. Tras cen anos de honradez cansan, e o que é peor, parece non importar-lles a perda do seu pudor.

8. Patrimonio da dereita a corrupción era: ¡merda! Agora hai desencanto porque podreceu a esquerda.

9. Non todos serán iguais mais comprendan os señores que nos tomaron o pelo pois criámoslos mellores.

10. Perderon o socialismo tendo un “S” ventureiro, tamén perden ese “O” que os facía do obreiro.

11. E non hai alternativa porque o PP é peor: el non perdeu a vergoña pois nunca tivo pudor.

12. O noso epitafio é este: “Aquí a política xace, se non o remedia a esquerda, amén, requiescat in pace”.

O CARRABOUXO por XOSÉ LOIS

DESDE LOGO, O PROBLEMA MAÍS DEBATIDO FOI O DO EMPREGO!

